

ACHEGAS HISTÓRICAS Á CAPELA DE CARBALLIDO (PACIOS) (BEGONTE) NO SÉCULO XXI

Autor. José Manuel Blanco Prado
Doutor en Historia.

1. INTRODUCCIÓN. LOCALIZACIÓN DO RECINTO SACRO.

COORDENADAS U.T.M.

X: 632.539 Y: 4.782.091

Dende unha óptica eclesiástica, esta capela está situada no lugar de Carballido, que pertence á freguesía de San Martiño de Pacios, á ao arciprestado de Begonte e a diocese de Mondoñedo- Ferrol. Dende unha óptica civil, este lugar forma parte da parroquia de San Martiño de Pacios, e do municipio lucense de Begonte. Este municipio está situado na parte occidental da provincia de Lugo e posúe unha superficie de 126,8 km², na que vive - segundo o I.G.E. ¹ do ano 2019- unha poboación de 3026 habitantes, distribuída en 19 parroquias ². As súas principais entidades de poboación son Begonte, capital municipal, e Baamonde. Ademais, este territorio está comunicado pola autovía A-6 e a N-VI, coas que empata a A-8 (Autovía da Costa). Así mesmo, a liña do ferrocarril Palencia- A Coruña, ten neste municipio dúas estacións: as de Baamonde e Begonte. Por outra banda, este espazo territorial está encravado na comarca da Terra Chá, que ocupa unha extensión de 1823 km², sendo considerada a comarca natural máis ampla e chá de Galicia. Abrangue, ademais deste municipio, aos de Abadín; Castro de Rei; Cospeito; Guitiriz; Muras;A Pastoriza;Vilalba; e Xermade, que constitúen co municipio de Outeiro de Rei os lindeiros do de Begonte.

¹ Instituto Galego de Estadística.

² Baamonde (Santiago), Baldomar (San Xoán), Begonte (San Pedro), Bóveda (Santalla), Carral (San Martiño), O Castro (Santa María), Damil (San Salvador), Donalbai (San Cristovo), Felmil (Santiago), Gaibor (San Xiao), Illán (Santiago), Saavedra (Santa María), Cerdeiras (San Fiz), Pacios (San Martiño), Pena (San Vicente), Santalla de Pena (Santalla), Trobo (Santa María), Uriz (Santo Estevo), Viris (Santa Elena)..

2. RESEÑA ARTÍSTICA.

O recinto sagrado constitúe unha construción rústica de pedra, pequena, que posúe unha cuberta a dúas augas. No seu interior hai un pequeno retábulo de madeira con dúas tallas que representan ao San Adrián e ao San Xiao; ao seu carón, encontramos unha talla de madeira, que simboliza á Virxe da Ascensión ³. Ademais, este santuario ten unha campá que foi traída dunha antiga capela do lugar de Vilaflores (Baamonde). Esta, segundo veciños do lugar de Carballido, serve para alonxar as trevoadas, sempre que se toque cando aínda non comezou a chover.

3. LENDA SOBRE A ORIXE DA CAPELA

Sobre a orixe desta capela encontramos a seguinte lenda: *“Hai moitos anos, nunha campá de Carballido, aparecéronse ao mencer as imaxes do San Adrián e San Xiao, que pertencían a unha capela, situada no vilar, que leva por nome San Julián, distante un km. e medio da devandita campá. Os veciños do lugar perante este suceso, que foi bastante repetido decidiron construír a nova capela no lugar de aparición das referidas imaxes”* ⁴.

No obstante, a motivación específica do cambio debeuse a que os campos existentes ao carón da antiga capela, quedaban nun estado calamitoso logo de celebrarse a festa . Isto deu lugar a que os propietarios das terras colindantes coa capela – *Antón de María* do lugar de Rañal (Pacios) e a *familia de Campos*- decidisen provocar o traslado por medio do cambio do santo, xa descrito. Por outra banda, tanto na antiga capela como na actual houbo un mordomo ata finais do primeiro cuarto do século XX; este encargabase de recadar as esmolos coas que se sufragan os gastos relixiosos e profanos da devandita capela: o 7 de Xaneiro, na honra do San Xiao; e o xoves da Ascensión, na honra da Virxe da Ascensión?, advocació mariana comprada pola *“Casa de Villegas”* (Carballido) (Pacios).

³ GONZÁLEZ REGOREDO, X.M.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura, t. V, 1983, pax. 15.

⁴ BLANCO PRADO, J.M.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996.

4. DEVOCIÓN POPULAR.

Nos seus inicios esta capela celebraba a festividade do San Adrián e o San Xiao o sete de Xaneiro. No obstante, desde que un membro da casa de Villegas de Carballido doou unha imaxe da Virxe, comezou a conmemorarse a súa festividade o xoves da Ascensión, e logo, tamén, o domingo da mesma semana. Polo tanto, no ámbito da comunidade de Carballido, houbo unha confusión dalgunha maneira consentida ao identificar a Ascensión do Señor coa Virxe da Asunción, de tal xeito que, aínda hoxe, hai devotos que falan da “Virxe da Ascensión” en vez da “Virxe da Asunción”, que se conmemora o quince de Agosto.

A este recinto sagrado, acoden romeiros ofrecidos por doenzas humanas, o que motivaba que levasen a cabo unha serie de rituais. Era moi relevante o ritual “do coitelo do San Adrián”,⁵ consistente en pasar un coitelo de madeira bendicido pola parte doente. Este instrumento era realizado hai anos polo veciño do lugar **Manolo Rodríguez Ferreiro**.

Así mesmo os fregueses con doenzas de reuma e varices nas súas extremidades inferiores poñen os seus pés nun oco situado no chan ao carón do lado inferior esquerdo do santuario. Tamén, aqueles que sufren doenzas da cabeza adoitan introducila nunha ventá cega existente no interior da capela.

Logo da procesión⁶, o crego ou un fregués-a da parroquia dá a bicar as imaxes do San Adrián e San Xián, mentres recita a seguinte xaculatoria: **“San Adrián/ San Julián bendito, che quite a enfermidade, che dea a sanidade, polo poder que Dios ten. Amén.”**. Na actualidade, tamén se emprega a seguinte xaculatoria: **“Dios te conceda por medio de San Adrián /San Julián, todo lo que le pidas. En el nombre del Padre, del Hijo y del Espíritu Santo. Amén”**.

Por outra banda, hai devotos que tocan as imaxes de devoción cos seus panos e, logo, pasanos por diferentes partes do corpo cunha finalidade profiláctica e curativa.

Finalmente hai a tradición de que a campá da capela serve para alonxar as trevoadas, sempre que se faga sonar denantes de que comece a chover. Ésta foi traída da antiga capela de Vilaflores (Baamonde).

⁵ O ritual do “coitelo do San Adrián” tamén se realiza no Santuario do San Adrián de Goiriz (Vilalba), e no Santuario do San Adriano de Fitoiro (Bretoña) (A Pastoriza).

⁶ Ao rematar a misa solemne os devotos sacan en procesión ó redor da capela as imaxes do San Adrián, San Xián e a advocación mariana da ¿Ascensión? (Asunción). Neste ritual participan tamén os cregos concelebrantes; os músicos; e os devotos, colocados sen distinción de idade e sexo.

Ao rematar os oficios relixiosos os devotos concurren ao campo da festa, participando dos carruseis – se hai pequenos- e da sesión vermu, que ao igoal que a verbena da noite, van a ser amenizadas por orquestras e grupos musicais.

5. BIBLIOGRAFÍA.

* BLANCO PRADO, José Manuel.: *Religiosidad popular en el Municipio de Begonte*, Lugo: Deputación Provincial, 1991.

* BLANCO PRADO, José Manuel.: *Exvotos e Rituais nos Santuariois Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996.

* BLANCO PRADO, José Manuel.: *Santuarios da Terra Chá, Vilalba (Lugo)*: I.E.S.CHA (Instituto de Estudos Chairegos), 2018,

6. ILUSTRACIÓNS.

6.1. COMEZOS DOS OITENTA (SÉCULO XX).



PARTE DO RETABLO. REPRESENTACIÓN DO SAN ADRIÁN
CO COITELO DE MADEIRA. EXVOTOS DE CERA.



IMAXES DE “POÑER O SANTO”. EXVOTOS DE CERA.



RITUAL DO “COTELO DO SAN ADRIÁN”



RITUAL DA “VENTÁ CEGA”



RITUAL DO “OCO NO CHAN”.



RITUAL DA PROCESIÃO

6.2. ILUSTRACCIÓNS DA SEGUNDA DÉCADA DO SÉCULO XXI.



A IMAXE MARIANA DA ASCENSIÓN E AS IMAXES DO SAN ADRIÁN E SAN XIÁN.



RETABLO DA CAPELA DE CARBALLIDO



RITUAL DA PROCESIÓN



RITUAL DE POÑER O SANTO



CAPELA DE CARBALLIDO (PACIOS) (BEGONTE)



FREGUESA CO “COITELO DO SAN ADRIÁN”



FREGUESA REALIZANDO O RITUAL “DE POÑER O SANTO”



RITUAL DA “VENTA CEGA”



RITUAL DO “OCO DO CHAN”



ALGÚNS CARRUSEIS PARA OS CATIVOS



UNHA ORQUESTRA AMENIZA A SESIÓN DO VERMÚ

